

MOCIÓN CONTRA A MINA DE TOURO

Xurxo Charlín Trigo, con DI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta moción, en base á seguinte

Exposición de motivos:

A aposta polo espolio dos recursos naturais de Galicia que está a facer a Xunta, coa eliminación de calquera mecanismo de garantías medioambientais e participativas, na elaboración de proxectos de Megamineiría, como acontece co Proxecto de lei de iniciativas empresariais aprobado no Parlamento de Galicia, funciona como reclamo de numerosos proxectos que supoñen un enorme risco ambiental, neste caso a resurrección do aproveitamento do cobre na mina de "San Rafael" en Touro.

O 25 de agosto o DOGA recollía a convocatoria de información pública sobre a actualización da explotación deste proxecto mineiro nos concello de Touro e o Pino, cando aínda están por resolver as gravísimas eivas na necesaria restauración derivada da oxidación dos sulfuros metálicos que están a provocar un desastre ambiental nas augas soterradas da comarca, desastre que con este proxecto lonxe de arranxarse verase fortemente incrementado.

Dende que Río Tinto Mineira decidiu pechar a mina en 1986 a xestión hidrolóxica para evitar as escorrentías cara aos ríos da zona foron inexistentes, producíndose actuacións polos sucesivos posuidores dos dereitos mineiros. Así, Explotacións Galegas tapou parte das balsas existentes, o que propiciou máis escorrentías cara aos ríos.

Só unha adecuada xestión hidrolóxica destes vertedoiros, con tratamentos de revexetación, embalsamento, recirculación e tratamento das augas podería paliar o problema; de non facelo, o foco contaminante constituirá unha fonte permanente de degradación da calidade das augas fluviais.

Polo exposto anteriormente, presentamos a seguinte **Proposta de Acordo**:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a que se lle dea traslado ao Concello de Cambados e ás distintas confrarías da Ría de Arousa dun informe histórico de cesión dos dereitos mineiros dende 1986 ata a actualidade, e, en caso de existir, dos informes e ditames elaborados pola Xunta de Galicia para autorizar ditas cesións.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia a que se lle dea traslado ao Concello de Cambados e ás distintas confrarías da Ría de Arousa de cales foron as actividades mineiras desenvoltas na mina de Rio Tinto en Touro dende 1986 ata a actualidade, e cales foron as actuacións ambientais, de rexeneración e de xestión hidrolóxica desenvolvidas polos sucesivos propietarios dos dereitos mineiros.

TERCEIRO.- Instar a Augas de Galicia a que se lle dea traslado ao Concello de Cambados e ás distintas confrarías da Ría de Arousa dos resultados das análises e dos controis das augas dos ríos Brandelos, Tribas, Pucheiras, Portapego e Lañas, así como unha copia dos expedientes de sanción ambiental polas actuacións mineiras entre os anos 1986 e 2017.

CUARTO.- Instar á Xunta de Galicia a que se paralice a autorización administrativa para á actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión da explotación da mina de Touro.

Cambados, 19 de Decembro do 2017.

Documento asinado na Sede Electrónica do Concello de Cambados, Xurxo Charlín Trigo, Concelleiro de Somos Cambados.